

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 26 de novembro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomea novo membro titular do tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, convocado pola Resolución do 21 de maio de 2019.

Mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 21 de maio de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm, 103, do 3 de xuño) convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría.

Na súa base sétima dispónse que o/os tribunal/is cualificador/es do concurso-oposición será/n nomeado/s pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas e para este efecto se publicará a oportuna resolución no Diario Oficial de Galicia.

Mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 13 de novembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 224, do 25 de novembro) procedeuse ao nomeamento dos tribunais cualificadores.

Na antedita base sétima dispónse que a autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* unha resolución pola que se nomeen os novos membros que teñan que substituír os que perderon a súa condición por algunha das causas previstas.

De conformidade coa mencionada base, como consecuencia da concorrencia de causa de abstención nun dos seus membros, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

ACORDA:

Único. Nomear, con efectos da data desta resolución, novo membro titular e suplente do tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, sistema de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral convocado por Resolución do 21 de maio de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 103, do 3 de xuño), nos termos que a seguir se indican:

Vogal titular: López Carrín, Jorge Javier. Persoal estatutario sanitario de formación profesional. Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, en substitución de Fuentes Ro-



dríguez, José Carlos. Persoal estatutario sanitario de formación profesional. Técnico/a en cuidados auxiliares de enfermaría.

Vogal suplente: Gómez Granda, Héctor Manuel. Persoal estatutario sanitario de formación profesional. Técnico/a en cuidados auxiliares de enfermaría, en substitución de López Carrín, Jorge Javier. Persoal estatutario sanitario de formación profesional. Técnico/a en cuidados auxiliares de enfermaría.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2019

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

